

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “DESCUBRINDO AS RIAS DE GALICIA” CAMPAÑA 2019

INFORMACIÓN XERAL

1. ANTECEDENTES

A Asociación Galega de Actividades Náuticas (AGAN+) agrupa empresas do sector náutico de toda Galicia. É unha asociación sen ánimo de lucro creada no ano 1999. Figura no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia número 20.377.

Neste momento AGAN+ colabora a nivel rexional coa Xunta de Galicia (Portos de Galicia, Axencia Turismo de Galicia, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, a Fundación Deporte Galego, e o Parque Nacional Illas Atlánticas) e a nivel Europeo coas principais rexións e entidades náuticas do Atlántico (Junta de Andalucía, Rexión da Bretaña, Nautisme Bretaña, ...)

Un dos seus obxectivos é achegar o mar e a náutica a novos colectivos, sobre todo dende unha perspectiva cultural e como destinos náuticos patrimoniais. Para elo, a través do proxecto europeo ECODESTIN creáronse no ano 2016 unha serie de circuitos náutico culturais que permiten coñecer os concellos e o seu patrimonio dende as rías e ríos. Eses itinerarios foron validados polo Comité de Expertos como produtos turísticos náutico culturais Ecodestin. No ano 2017 varios deses itinerarios puxérонse no mercado a través dos seus operadores e foron probados con grande éxito en asociacións. Algunxs deles tamén foron certificados coa carta de calidade europea NEA de cruceiros costeiros.

AGAN+ considera que estas rutas e itinerarios náutico culturais por escalas son unha axuda para aumentar o valor engadido propio dos portos e integralos nos municipios que os acollen mesturando o mar e a terra para conseguir ser un polo de atracción que sirva como escaparate e porta de entrada dun turismo de calidade, nacional e internacional que beneficie aos diversos sectores.

2. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A Asociación Galega de Actividades Náuticas (Agan+) coa participación das empresas náuticas que se comprometeron a promover estes itinerarios náutico culturais por escalas Ecodestin, decideu crear en 2018 un programa para achegar as rías de Galicia á poboación galega. Este programa aproveita as rutas náuticas culturais co selo Ecodestin ou outros selos de calidade e denominase “Descubrindo as Rías de Galicia”..

Neste programa inclúense unha serie de itinerarios náutico culturais por escalas que permiten coñecer as vilas e concellos galegos e o seu patrimonio natural e cultural dende as rías e ríos con portos saída/escala principalmente pertencentes a Portos de Galicia e con selos de calidade.

Tra-lo éxito da campaña no 2018 con mais de 3000 participantes, AGAN+ decidió desenvolver **no 2019 unha nova campaña para as asociacións de Galicia dende abril ata outubro de 2019.** A información relativa as rutas que se ofrecen están dispoñibles na web de AGAN+ www.aganplus.org e as datas dispoñibles na secretaría do programa.

3. ENTIDADES BENEFICIARIAS E PRAZAS DISPOÑIBLES

Na estratexia de marketing deseñada no proxecto Ecodenstín establecéronse unha serie de asociacións e colectivos que son público obxectivo para os itinerarios náutico culturais.

Tras a primeira fase do ano 2018 dirixida a asociacións pertencentes ás comarcas das Rías Baixas e limítrofes do interior (provincias de Pontevedra, A Coruña e Ourense). **Para o ano 2019 abrese a asociación de toda Galicia..**

As entidades potencialmente beneficiarias na campaña 2019 serán aquelas asociacións formadas principalmente por membros pertencentes ós seguintes colectivos:

- Maiores de 55 anos
- Mulleres

4. DURACIÓN E ALCANCE DO PROGRAMA. CAMPAÑA 2018

A campaña iniciarase o **22 de abril** e rematará o **31 de outubro**. As asociacións interesadas poderán consultar no teléfono da secretaría do programa as datas dispoñibles en cada momento que irase actualizando a medida que vaian sendo bloqueadas para asociacións beneficiarias.

Calquera modificación na duración do programa será publicada como anuncio na web www.aganplus.org

5. QUE INCLUE O PROGRAMA

O programa inclúe un saída de día completo en Ferry/Catamarán por un itinerario náutico cultural, homologado por Agan+ e realizado por unha empresa especializada e acreditada para prestar estes servizos.

O barco é un ferry/catamarán que ten capacidade para 150 persoas. Para estas saídas restrinxense a entre 45 a 55 persoas para que o servizo de restauración ofrecido cumpra coas calidades que se esperan dun restaurante a bordo. **AGAN+ reservase o dereito de dispor de 10 prazas para venta individual para determinadas datas.** Consultar coa secretaría do programa. O grupo deberá ter como mínimo 45 persoas.

A duración total dos itinerarios náutico culturais é de 8 horas. (Sen contar co desprazamento ata o punto de embarque en autobús).

Servizos que inclúe:

1. Dúas escalas en terra
2. Aperitivo ou café a bordo
 - Servizo de restaurante a bordo:
 - Entrante
 - Primeiro prato
 - Segundo prato
 - Sobremesa
 - Augas e viños de Galicia
 - Guía no barco para explicación do patrimonio natural e cultural dende o mar
 - Guía en terra para as visitas nas escalas.
 - Tickets e accesos a museos ou centros de interpretación (segundo itinerario elixido). Comprobar no itinerario se está incluída a entrada no prezo.

Opcional: servizo de autocar para o desprazamento ata o lugar de embarque.

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Aquellos asociaciones interesadas deberán inscribirse a través del formulario que se pone á súa disposición na web www.aganplus.org, e contactar coa **secretaría do programa**, para facilitar a inscripción e coñecer as datas dispoñibles:

- teléfono: **91 005 27 08**
- endereço electrónico **evento@aganplus.org**

Como regra xeral só se admitirá unha solicitude por asociación. Na solicitude deberán indicar os dous meses prioritarios para levar a cabo a saída no caso de ser seleccionado poderase contar coa asistencia telefónica da Secretaría do programa.

O prazo de presentación de solicitude estará aberto durante a duración do programa ata que non existan datas dispoñibles. AGAN+ decidirá quincenalmente, sempre que exista un mínimo de solicitudes, a cales concede o prezo bonificado.

Para máis información sobre o estado da solicitude pónguese en contacto coa secretaría.

7. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

A selección das asociacións que poderán beneficiarse do prezo bonificado será realizada polo Comité de Expertos e Certificación de Agan+, de conformidade cos seguintes criterios:

1. Se a asociación non ten participado no programa Descubrindo As Rías.
2. Se é a primeira saída de este ano.
3. Difusión realizada do programa de Descubrindo As Rías en redes sociais ou compromiso de difundir a saída.
4. Número de asociados. Terán prioridade as de maior número de asociados.

As entidades seleccionadas recibirán comunicación oficial dende o correo evento@aganplus.org e a secretaría porase en contacto para establecer a data concreta para levar a cabo a saída. Nesta comunicación tamén se concretará a forma de realizar o pago..

8. BONIFICACIÓN S E CUSTE POR PERSOA/GRUPO

O Programa busca achegar novos colectivos á náutica e á súa cultura permitindo ofrecer ás asociacións de Galicia unha nova forma de coñecela dende o mar.

Froito dese compromiso, a AGAN+, as empresas operadoras homologadas e outros patrocinadores, realizan unha aposta e un esforzo para ofrecer a prezos reducidos e bonificados estes itinerarios, con descontos do 50% sobre o PVP de 55,00 € quedando:

- 26,00 €/persoa no caso de non precisar autobús (punto de encontro: Porto de saída)
- 33,90 €/persoa no caso de precisar autobús.

O grupo terá que estar formado por mínimo 45 persoas. O máximo dispoñible será de 55. **AGAN+ reservase o dereito de dispor de 10 prazas para venta individual para determinadas datas..**

9. PROTECCIÓN DE DATOS. RGPD (UE) 2016/679

As entidades solicitantes indicarán no formulario de inscrición o alcance do consentimento a efectos de protección de datos.

O responsable do tratamento dos seus datos personais é a AGANPLUS-ASOCIACIÓN GALEGA DE ACTIVIDADES NAÚTICAS e realiza dito tratamiento para xestionar a inscripción no programa Descubrindo as Rías. A base legal para o tratamento é o consentimiento. Non se comunicarán datos a terceiros, salvo obligación legal. Poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación e supresión do datos, así como outros dereitos, tal e como se explica no anexo de información adicional en comunicación@aganplus.org

10. OBRIGACIÓN DAS ENTIDADES SOLICITANTES E COLABORACIÓN NA DIFUSIÓN DA NÁUTICA DE GALICIA

As entidades solicitantes cumplirán as seguintes condicións:

1. Aboar o importe corresponden ás prazas confirmadas coa secretaría do programa mediante correo electrónico (mínimo 45 persoas).
2. Serán admitidos, sen custe, ata un máximo de 10 menores de 12 anos, sempre e cando o grupo estea formado por 45 adultos. Os menores de idade sempre deberán ir acompañados de representante ou titor legal.

O sector náutico de Galicia e a Asociación Galega de Actividades Náuticas, AGAN+, consideran que debido ao esforzo realizado polo operadores para ofertar este prezo é preciso que as asociación beneficiadas desta promoción dean difusión a esta campaña e á náutica galega dalgunha das seguintes formas:

1. Publicación do banner promocional que redireccionará a web de AGAN+ www.nauticdestination.com. Pódese descargar dende a web www.aganplus.org
2. Publicación de fotografías ou comentarios nas redes sociais da asociación beneficiaria.
3. Realizar unha comunicación electrónica ou en papel aos seus asociados sobre este programa ou outros que se lle puideran ofrecer
4. Cubrir en enviar a lo menos unha enquisa de satisfacción. Descargable no www.aganplus.org

ANEXO INFORMACION ADICIONAL SOBRE PROTECCION DE DATOS

Normativa: Reglamento (UE) 2016/679 RGPD.

Responsable del tratamiento: AGAN-ASOCIACIÓN GALEGA DE ACTIVIDADES NAÚTICAS

CIF: G36356160

Dirección: Avenida Martínez Garrido 55 Of2, 36205 Vigo (Pontevedra)

Teléfono: 986168338/986069434

Correo electrónico: [comunicación@aganplus.org](mailto:comunicacion@aganplus.org)

Finalidad del tratamiento:

1. Gestión de la inscripción en el programa Descubriendo as Rías. La legitimación para tratar sus datos es el consentimiento otorgado y serán guardados mientras dure el proyecto y, en todo caso, mientras el interesado no solicite su supresión.

2. Gestionar el envío de la información que solicite el participante. La legitimación para tratar sus datos es el consentimiento y serán datos serán guardados mientras dure la relación contractual.

3. Enviar al participante, ofertas, productos o servicios similares que puedan ser de interés.

La legitimación para tratar sus datos es la satisfacción del interés legítimo del responsable del tratamiento consistente en el desarrollo del negocio de la empresa y serán guardados en mientras no se solicite su supresión por el interesado.

4. Mantenimiento del histórico de participantes.

La legitimación para tratar sus datos es el interés legítimo del responsable de mantener un histórico de participantes por posible reanudación de la relación contractual en un futuro. Los datos serán guardados mientras el interesado no solicite la supresión de sus datos.

Para las finalidades cuya legitimación se base en el consentimiento le informamos que el mismo puede ser revocado en cualquier momento dirigiéndose por escrito a la dirección del responsable del tratamiento, sin que la retirada del consentimiento, afecte a la licitud del tratamiento realizado con anterioridad a su retirada.

Destinatarios de datos:

1. Se comunicará a las Administraciones Públicas los datos personales del cliente que sean necesarios, con el fin de dar cumplimiento a las obligaciones legales con dicha Administración.

2. Sus datos de carácter personal podrán ser comunicados a otras entidades participantes en el mismo proyecto con la finalidad de coordinar adecuadamente la actividad desarrollada.

Obligatoriedad de facilitar los datos:

El participante no está obligado a facilitar los datos, pero la comunicación de los mismos es un requisito previo, sin el que no se podrá celebrar el contrato en caso de ser necesario o la emisión de las correspondientes facturas.

Transferencia de datos a terceros países:

No se van a realizar Transferencias Internacionales de datos.

Derechos del interesado:

- Acceso: derecho a obtener confirmación sobre si estamos tratando datos personales tuyos o no, a saber, cuáles son, para qué se usan, cuánto tiempo se van a guardar, el origen de los mismos y si se han comunicado o se van a comunicar a un tercero.

- Rectificación: derecho a solicitar la rectificación de los datos inexactos y a que se completen los datos personales incompletos.

- Supresión: derecho a solicitar la supresión de los datos de carácter personal cuando sean inadecuados, excesivos o ya no sean necesarios para los fines para los que fueron recogidos, incluido el derecho al olvido.

- Oposición: derecho a oponerse, en determinadas circunstancias, a que se realice el

tratamiento de sus datos personales o a solicitar que se cese en el tratamiento.

- Limitación del Tratamiento: derecho a solicitar, en las circunstancias establecidas legalmente, que no se traten sus datos más allá de la mera conservación de los mismos.

- Portabilidad: derecho a recibir los datos de carácter personal en un formato estructurado, de uso común y lectura mecánica, y poder transmitirlos a otro responsable, siempre que sea técnicamente posible.

Ejercicio de los derechos: El ejercicio de derechos deberá efectuarse por escrito adjuntando fotocopia de su documento identificativo, y dirigirla a la dirección anteriormente citada. Así mismo, ponemos a su disposición modelos para su ejercicio, que pueden recogerse en nuestras instalaciones u obtenerlos en la siguiente dirección [comunicación@aganplus.org](mailto:comunicacion@aganplus.org)

Para más información: www.agpd.es

Derecho de reclamación ante la Autoridad de Control:

En el caso de que no se hayan respetado sus derechos puede presentar una reclamación dirigiéndose por escrito a la Agencia Española de Protección de Datos sita en la calle Jorge Juan, 6-28001-Madrid o utilizar la sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es> En ambos casos, deberá acompañar la documentación pertinente.